



## Acta do Consello de Goberno do 28 de setembro de 2016

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia: Manuel Reyes García Hurtado, José M. Sánchez Santos, Sonia Souto Camba, Pedro F. Nogueira e Ignasi Colominas Ezponda.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### 1. Informe do reitor

O **reitor** dá conta do nomeamento de **Andrés López Blanco** como representante do estudantado no Consello (en substitución de **Ana Barxa Cid**) e de **Margarita Alonso Ramos** como directora do Centro de Linguas, agradecéndolle os servizos prestados ao profesor **Mauro Fernández Díaz**. Informa tamén de que o xerente, **Juan Díaz Villoslada**, solicitou o cesamento voluntario, que se fixo efectivo o 31 de agosto de 2016. Novamente, o reitor agradeceu os servizos prestados polo xerente e desexoulle os mellores éxitos na súa nova andaina. Indicou que, tras barallar diferentes candidaturas, o equipo de goberno acordou proporlle ao Consello Social como novo xerente da UDC a **Ramón del Valle López**, técnico superior da Xunta de Galicia que xa ocupou diversos cargos de responsabilidade nesa Administración, onde desempeña actualmente a xefatura de persoal da Consellaría de Facenda.

A seguir, o reitor deulles a palabra aos vicerreitores e vicerreitoras.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten Vidal**, informou dos asuntos seguintes:

- O 26 de xullo de 2016 autorizouse o cambio de dedicación de **José Carlos Barreiro Roca**, profesor asociado da área de coñecemento de Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estruturas do Departamento de Tecnoloxía da Construción, de P06 a P05, por petición propia para poder compatibilizar a súa dedicación coa súa actividade profesional principal. O cambio contou co informe favorable da dirección do departamento. O 6 de setembro de 2016 autorizouse tamén o cambio de dedicación a tempo completo de **Francisco Javier López Montero**, profesor contratado interino de substitución P06 da área de coñecemento de Enxeñaría Química do Departamento de Enxeñaría Industrial II, debido á baixa de IT de **Almudena Filgueira Vizoso**. A urxencia vén motivada polo comezo do curso académico 2016/17 e pola falta de profesorado da área. O 6 de setembro de 2016 autorizouse o cambio de



dedicación a tempo completo de **Bruno Casal Rodríguez**, profesor contratado interino de substitución P06 da área de coñecemento de Economía Aplicada do Departamento de Economía Aplicada I, debido á baixa por IT de **Gustavo Rego Veiga** e **Iván López Martínez**. A urxencia vén motivada polo comezo do curso académico 2016/17 e a falta de profesorado da área. Nesa mesma data autorizouse tamén o cambio de dedicación a P06 de **Noemia Zeltia López Martínez**, profesora asociada T1 da área de coñecemento de Enfermaría do Departamento de Ciencias da Saúde, debido á baixa por IT de **Carmen Bouza Vivero** e **Julia Janeiro Arocas**. A urxencia vén motivada polo comezo do curso académico 2016/17 e a falta de profesorado da área.

- O 11 de agosto de 2016 autorizouse a contratación pola lista de agarda da praza 15/6001 dunha profesora interina de substitución P06 na área de Fisioloxía Vexetal do Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía, debido ás renuncias do interino de substitución P06 **Javier Veloso Feire** e da interina de substitución P03 **Esther Novo Uzal**. O contrato formalizouse con data de inicio 1 de setembro de 2016 e a urxencia viña dada pola imposibilidade de poder contar con profesorado para o inicio do curso académico ao se producir as renuncias no mes de agosto.
- O 1 de setembro de 2016, en aplicación do acordo do 28 de maio de 2016 polo que se establece a promoción do profesorado axudante doutor, autorizouse a contratación como profesores/as contratados/as interinos/as de substitución dos/as cinco profesores/as que rematan o seu contrato de axudante doutor/a no último cuadrimestre do ano 2016, ao non poder acceder á convocatoria dunha praza de contratado/a doutor/a. O 22 de setembro de 2016 autorizouse a contratación como profesor contratado interino de substitución (área de coñecemento de Ecoloxía) dun investigador procedente do programa Parga Pondal e que remata o seu contrato o 30 de setembro deste ano, ao non se lle poder ofertar unha convocatoria de profesor contratado doutor segundo estipula o Programa de promoción dos contratados polo programa Isidro Parga Pondal (aprobado no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2008).
- O 6 de setembro de 2016 autorizouse a contratación como asociado P04 de **Rafael Casás Salgado** na área de coñecemento de Didácticas das Ciencias Sociais do Departamento de Didácticas Específicas, tras a renuncia de **Jesús Andrés López Calvo** e por proposta do Arcebispado de Santiago de Compostela en aplicación do Concordato entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanza e asuntos culturais do 3/01/1979. Esta contratación conta co informe favorable da dirección do departamento.



- O 7 de setembro de 2016 publicouse na Sede Electrónica a convocatoria para a execución de dúas prazas de titular de universidade como consecuencia da OEP do ano 2016. Esta convocatoria realizouse segundo o acordo do Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016 sobre os criterios de execución da OEP 2016. O 23 de setembro de 2016 publicouse na Sede Electrónica a prelación provisional.
- O 8 de setembro de 2016 autorizouse a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de asociado/a P04 na área de coñecemento de Medicina Preventiva e Saúde Pública do Departamento de Ciencias da Saúde, debido á baixa por IT e posterior maternidade de **Sonia Pértega Díaz**, asociada P04. Nesa mesma data autorizouse tamén a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de asociado/a P03 na área de coñecemento de Didáctica da Matemática do Departamento de Pedagogía e Didáctica, debido á renuncia ao seu contrato de **Mercedes Pérez González**, asociada P05.
- Os días 14 e 23 de setembro de 2016 autorizouse a prórroga de catro contratos de profesores colaboradores tras recibir o informe favorable da ACSUG.
- Sobre a regularización do importe do complemento autonómico ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora, indicou que, a causa da última resolución de recoñecemento deste complemento, se vai proceder na nómina de setembro a regularizar as cantidades daqueles/as profesores/as que estaban cobrando este complemento e que na última avaliación viron reducida a valoración total (ben por redución da nova valoración ou porque non se solicitou unha nova valoración adicional á que tiñan recoñecida por un período de 5 anos). Aínda en relación con este tema, informou de que a COAP do 22/09/2016 acordou remitir para a súa aprobación polo Consello Social a avaliación positiva da ACSUG do 22 de xullo de 2016 do complemento autonómico por cargos de xestión dunha profesora.
- A COAP do 22 de setembro de 2016 autorizou dúas venias docentes na EU de Turismo para o curso académico 2016/17. As venias contaban co informe favorable do Departamento de Composición e o Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas.
- O 23 de setembro de 2016, no marco do proceso de elaboración do Plan director de racionalización de estruturas académicas da UDC, a comisión encargada da súa elaboración, á vista das 20 alegacións presentadas ao documento de



traballo, aprobado na última reunión do Consello de Goberno, e ao borrador de Regulamento marco de departamentos que introduce a posibilidade de crear seccións departamentais, acordou dar tempo para acadar o máximo consenso posible, polo que se reunirá o próximo día 6 de outubro para aprobar a proposta que será presentada ao Claustro da Universidade. Neste tempo convocaranse distintas reunións cos asinantes das alegacións.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya Fernández**, informou dos asuntos seguintes:

- Da concesión dunha Starting Grant do European Research Council (ERC) ao investigador da UDC **Carlos Gómez**. Tras lle dar os parabéns, referiuse á aposta da UDC pola investigación de excelencia, informando de que neste momento se están a preparar catro solicitudes máis co asesoramento da OTRI.
- De que a solicitude do Interreg liderada pola UDC «BLUE IN SOCIAL. R&D transfer HUBs for the social innovation of coastal societies and the Blue Economy» pasou á segunda fase do proceso de selección, isto é, que de 475 solicitudes ficou entre as 100 que pasarán á fase final que rematará o próximo día 31 de outubro. Neste proxecto, a UDC ten como parceiros a Xunta de Galicia, a Université de Bordeaux, o Consello Rexional de Aquitania-Limousin-Poitou-Charentes, a Dublin City University, a NorDubCo - Advancing Social, Economic and Civic Innovation in North Dublin, a Universidade do Porto, a Cámara Municipal do Porto – Centro de Inovação Social, a Cardiff University e mais o Trinity College of Dublin.
- De que a UDC vén de solicitar o selo HRAward (Estratexia de Recursos Humanos do Investigador). A estratexia HRS4R é unha ferramenta elaborada pola Comisión Europea para apoiar as universidades e institucións de investigación e organizacións que financian a investigación na aplicación da Carta Europea do Investigador e no Código de Conduta para a Contratación de Investigadores. Estes instrumentos perseguen contribuír para o desenvolvemento dun mercado de traballo europeo atractivo para os investigadores. A carta é o código de conduta son recomendacións da Comisión aos estados membros que estes están invitados a aplicar voluntariamente.
- Que foi asinado un convenio entre a UDC e a Xunta de Galicia por valor de 180 000 € para financiar o proxecto «Impulso eficiente das estruturas de investigación - Enquisa para o mapeado», referente ao deseño dunha estratexia investigadora para a nosa universidade.



- Que foron concedidas as seis solicitudes do Programa Principia da UDC. O problema reside agora en evitar o duplo financiamento cos proxectos MINECO.

**A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López**, deu conta tamén de diversos asuntos:

- Da publicación da listaxe provisional de candidatos ás bolsas de colaboración en departamentos do MECD e das convocatorias de bolsas propias da UDC. A respecto destas últimas referiuse en especial á convocatoria de axudas para estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas, dos premios UDC á excelencia académica no bacharelato, das axudas de carácter xeral do plan propio da UDC destinadas ao aloxamento dos estudantes e ás bolsas de colaboración para formación complementaria do estudantado.
- Da abertura do prazo de inscrición nos obradoiros de cultura do primeiro cuadrimestre, que inclúen cursos de arte, fotografía, teatro, danza contemporánea e experimentación musical. As actividades comezan en outubro e estenderanse durante todo o primeiro cuadrimestre do actual curso lectivo.
- Do comezo das actividades da Área de Deportes tales como pilates, fútbol gaélico, ioga, tiro con arco, rugby, escalada, voleibol, tenis de mesa, xadrez, entre outros, e dos cursos de formación tales como de patrón de embarcación de recreo (PER), mergullador deportivo e monitor de actividades de tempo libre, entre outros. Tamén os campionatos internos de tiro con arco, xadrez, tenis, pádel ou rugby 7 e ligas universitarias de fútbol sala, fútbol, baloncesto e pádel.
- De que do 29 de setembro ao 1 de outubro terá lugar en Santiago de Compostela o SPIN 2016 de emprendemento universitario que apoia a UDC. A inscrición é totalmente gratuíta e, para o estudantado da UDC, recoñécese un 1 crédito ECTS.
- Finalmente, expresou o seu agradecemento polos servizos prestados a **José Vicente Echevarría González**, que se xubilou o pasado 10 de setembro como xefe do Servizo de Estudantes.

**A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, Pilar García de la Torre**, informou da convocatoria de axudas de custo para a mobilidade de PDI e PAS, da convocatoria para a UDC de máis dúas prazas para México dentro do programa Erasmus Plus e de que o pasado 21 de setembro foi publicada a convocatoria de axudas para a mobilidade internacional de estudantes (Erasmus e bilateral).

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente, Nancy Vázquez Veiga**, informou de que:

En próximos Consellos de Goberno presentarase o texto modificado do Regulamento de estudos de doutoramento que pasou pola Comisión Permanente e está a ser revisado pola Asesoría Xurídica. Como xa comentara, as modificacións derivan principalmente da súa adaptación ao Real decreto 195/2016.

Recibiuse o informe favorable de Secretaría Xeral de Universidades para enviar a verificar a proposta do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Edificación, que se implantará no vindeiro curso.

O día 9 de outubro remata o prazo de preinscrición na I Xornada de Innovación Docente. A inscrición é gratuíta e proporcionáranse, tanto aos relatores como aos asistentes, certificados acreditativos da participación. Debido ao importante número de propostas de comunicación e de pósters recibidos, a Comisión Científica viuse na obriga de ter que rexeitar máis propostas das que lle gustaría.

Con este curso, o CUFIE ofrécelles formación aos investigadores asociados (Acordo do 17 de novembro de 2014 sobre o persoal contratado con cargo ao capítulo VI dos orzamentos da UDC) e tamén aos contratados pertencentes a subprogramas de recursos humanos nacionais e autonómicos.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico**, informou dos asuntos seguintes:

- En primeiro lugar, de que na Comisión de Asuntos Económicos que se realizou o 7/09/2016 se imputaron obrigas por valor de 23 446,15 € e validáronse expedientes por 215 446,15 €
- De que nos próximos días se aprobará a instrución conxunta VEIS-Xerencia de peche do exercicio orzamentario de 2016.
- De que a AEAT vai proceder á liquidación do IVE indebidamente pagado pola UDC por actividades de investigación (por valor de 3 012 000 €).
- De que na nómina de setembro se pagará a parte pendente da paga extra de 2013 e a liquidación dos complementos de excelencia curricular da ACSUG.

A **vice-reitora de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño**, ofreceu as seguintes informacións:

- Que o día 14 deste mes se resolveron os Premios de Investigación en enxeñaría Naval e Humanidades, convocados de maneira conxunta polo concello de Ferrol e a UDC. Nesta ocasión o premio González Llanos, que reconece o mellor traballo en enxeñaría naval, foi para **Daniel Dopico**, investigador do



laboratorio de Enxeñería Mecánica da Escola Politécnica Superior e o gañador do premio Concepción Arenal de Investigación en Humanidades recaeu no catedrático de Filosofía da USC **Marcelino Agís**.

- Que a pasada semana se efectuou o relevo na dirección da Cátedra Jorge Juan, cuxa dirección corresponde de xeito alternativo e por períodos dun curso académico á Universidade e á Armada. Cesou como directora a profesora da EUP **Carmen Ramírez Gómez** e foi nomeado o director da Escola de Especialidades Antonio de Escaño, **Alfonso Vallés Sales**.
- Iniciáronse as actividades do CEXeF que, como novidade, este ano creou un Seminario de Pensamento Feminista cuxa sesión inaugural se realizou o pasado luns na Facultade de Socioloxía.
- Que, como en anos anteriores, está convocada a nova edición do Curso de Teoría Feminista (IV) cuxo comezo será o día 3 de outubro.
- Que a OIX ten abertas ata o 10 de outubro as convocatorias para o concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Ángeles Alvariño, a que poden presentarse traballos de fin de grao e de fin de mestrado defendidos no curso 2015-16 na UDC e o Certame Fotográfico «Rosalind Franklin: As mulleres na ciencia e na tecnoloxía», a que poderá presentarse calquera membro da comunidade universitaria. Pódese atopar a información na páxina da Oficina para a Igualdade de Xénero.
- Que como o ano pasado se manterá o punto de atención Quérote + no CUR cuxa actividade comezará a primeira semana de outubro e estará atendido o primeiro e último mércores de cada mes das 17:00 ás 19:00 h.
- Que a vindeira semana se celebra a Semana Saudable nas Universidades, para a que a UDC preparou un amplo programa de actos, coordinado pola Facultade de Ciencias da Educación, onde terá lugar o acto de inauguración coa participación de directores e coordinadores dos servizos que constitúen a UDC Saudable.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 21 de xullo de 2016**

A acta foi aprobada coa corrección dalgúns fallos sinalados pola profesora Inés Pernas.

## **3. Contratos e convenios**

O secretario xeral informou da sinatura desde o último Consello de Goberno de 5 convenios marco, 31 específicos e 67 de prácticas que figuran como **anexo III**.



#### **4. Aprobación, se proceder, da proposta de designación de representante do estudiantado no Consello Social e nas Comisións Delegadas do Consello de Goberno en substitución de Ana Barxa Cid**

A proposta de designación de Andrés López Blanco como representante do estudiantado no Consello Social e na Comisión Delegada de Asuntos Económicos do Consello de Goberno en substitución de Ana Barxa Cid foi aprobada por unanimidade.

#### **5. Aprobación, se proceder, da proposta do novo Regulamento electoral xeral**

Tras presentar a proposta o **secretario xeral**, a esta incorporáronse as correccións indicadas por **Xosé Portela** –de supresión, por redundante, do parágrafo 2º do artigo 28– e **Guillermo Lorenzo Gómez** –de corrección do artigo 4.1º– para esclarecer que a circunscrición para os estudantes de terceiro ciclo é a EIDUDC. A respecto da proposta de modificación tamén presentada por **Guillermo Lorenzo** no sentido de que os estudantes de grao que se matriculen nun mestrado no mesmo centro poidan manter a súa condición de representantes dos estudantes nos órganos colexiados para os que fosen elixidos, alcanzouse unha transacción no sentido de establecer que, como regra xeral, os representantes de estudantes cesan no seu mandato ao remataren a titulación que estivesen cursando, salvo que acrediten que seguen matriculados no mesmo centro cursando unha titulación diferente.

Finalmente, a proposta que figura como **anexo IV** foi aprobada por unanimidade coa incorporación das correccións e da transacción sinalada.

O **reitor** tomou a palabra para lle agradecer á Comisión Electoral o seu traballo na elaboración da proposta de novo regulamento.

#### **6. Renovación e implantación de títulos propios de posgrao**

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** explicou as diferentes propostas formuladas:

- Modificación do Título de Seguraza Privada: neste caso, a Comisión informou favorablemente a flexibilización das condicións de acceso, ao abrigo da excepción que recolle o artigo 10 do Regulamento de estudos propios de posgrao da UDC. A Comisión, tomando en conta a OM de Interior que esixe posuír ese título para exercer a profesión, xulga que hai que lles esixir aos solicitantes uns requisitos mínimos (estaren, ao menos, en posesión do título de ESO ou contar con experiencia profesional).

Intervén Nona Inés Vilariño para manifestar que non lle parece lóxico que se expida un título de posgrao en favor de quen non ten un grao. Solicita que, en





todo caso, se modifique a denominación do título. O reitor toma a palabra para lle indicar que esa, precisamente, é a liña de traballo da UDC: diferenciar os títulos de posgrao dos de especialización, proceso que agarda poida estar rematado ao longo deste curso.

- Renovación: a vicerreitora deu conta do informe favorable á renovación dos títulos seguintes: Curso de Especialización en Protocolo e Imaxe Corporativa, Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social e do Curso de Especialización en Análise do Xogo e Actualización Profesional do Adestrador-Analista en Fútbol (en colaboración coa LFP).
- Nova implantación: Curso de Xerencia de Riscos e Seguros (cátedra INADE).

Todas as propostas foron aprobadas por unanimidade segundo figuran no **anexo V**.

### **7. Aprobación, se proceder, da modificación da Normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario**

Na presentación da proposta, a **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente** explicou que as modificacións afectan ao artigo 19.1º do regulamento – no sentido de esixir como requisito para o adianto de oportunidades de avaliación do alumnado de titulacións adaptadas ao EEES que os solicitantes non teñan pendente máis que a superación de 12 créditos ou dúas materias– e mais ao artigo 22 esclarecendo, neste caso, que as cualificacións deberán facerse públicas como mínimo 3 días hábiles antes da sinatura das actas.

A proposta que figura como **anexo VI** foi aprobada por unanimidade.

### **8. Proposta de adhesión da UDC á Estratexia de promoción da saúde e prevención no sistema nacional de saúde**

Presentada pola **vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social**, a proposta foi aprobada por unanimidade conforme figura no **anexo VII**.

### **9. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado**

O **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, presentou a proposta, informada favorablemente pola COAP e a Mesa sindical, da convocatoria de 4 prazas de profesor/a contratado/a doutor/a (dúas para Economía Financeira e Contabilidade, unha para Intelixencia Artificial e outra para Linguaxes e Sistemas Informáticos).



A proposta que figura como **anexo VIII** foi aprobada por unanimidade.

#### **10. Proposta de informe sobre autorización de comisión de servizos de PDI**

Novamente, o **vice-reitor Profesorado e Planificación Docente** presentou a solicitude de prórroga da comisión de servizos concedida ao profesor **Juan José Pernas García** o 20 de outubro de 2015, que foi aprobada por unanimidade e figura como **anexo IX**.

#### **11. Proposta de nomeamento de profesores/as honorarios/as**

Presentada polo **vice-reitor Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobado por unanimidade o nomeamento como profesor honorario de **José González-Cebrián Tello**, desde o 1 de setembro de 2016 até o 31 de agosto de 2017 figurando como **anexo X** da presente acta

#### **12. Quenda aberta de intervencións**

**Guillermo Lorenzo Gómez** toma a palabra para denunciar a falta de transparencia no procedemento de concesión de bolsas predoutorais da Xunta, ao non se teren publicado as cualificacións nin tampouco a valoración dos proxectos de investigación.

**Alberto Franco Figueira**, representante do estudantado, saúda a celebración da cuarta edición do Curso de Teoría Feminista, mais critica o elevado dos prezos – 100 € que se rebaixan a 60 € para estudantado e persoas desempregadas – e solicita que os cursos da UDC sexan máis accesibles.

**Andrés López Blanco** indica que en Arquitectura hai alumnado que se matricula en febreiro e que ten que se volver a matricular en setembro e, ao se tratar esta segunda dunha matrícula parcial, non pode acceder ás convocatorias de bolsas.

**Xosé Portela** manifesta que non se distribuíu entre o PAS a roupa de traballo correspondente ao segundo semestre do ano, debido á desistencia da empresa adjudicataria. Solicita que, se non vai ser posible proceder á repartición este ano, se habiliten outras vías para o PAS poder acceder á roupa (como, por exemplo, bolsas). Sobre o radon, transmite a preocupación existente nas facultades de Ciencias da Educación e Socioloxía e Informática. En relación coa Casa do Lagar indica que a Xunta de Persoal non tivo coñecemento do traslado e que os altos índices de radon detectados no soto se dan agora no primeiro andar.

**Inés Pernas Alonso** pregunta á vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria se a UDC vai convocar bolsas propias de colaboración en departamentos. A vice-reitora contesta negativamente.



Para contestar ás cuestións formuladas, toma a palabra o **reitor** sinalando, en primeiro lugar, a respecto do custo das actividades da UDC, que o prezo depende de se hai ou non – neste caso non – propostas de cofinanciamento mais que, en calquera caso, a UDC seguirá a se esforzar en facer os cursos máis accesibles. Intervén, nese mesmo sentido, a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Sobre a matrícula para o proxecto de fin de carreira, lembra que a matrícula non pode ir alén do remate do curso académico (31 de agosto), de aí a necesidade dunha nova matrícula en setembro.

Sobre a roupa de traballo, comprometeuse a tomar medidas diante da desistencia do adxudicatario.

Acerca do radon, salientou o importante esforzo que está a facer a UDC, revisando de oficio todas as súas instalacións e adoptando de inmediato medidas cando se detecta algunha incidencia, por pequena que sexa. Pide tranquilidade e que non se caia no alarmismo. Informa de que, na Casa do Lagar, a orixe do problema xa está detectada e que se vai corrixir e que, en tanto, o traballador afectado vai ser trasladado. Lembra que na última reunión do Comité de Seguranza e Saúde se ofreceu unha información completa e que se están xa a tomar medidas preventivas.

En relación coas bolsas predoutorais da Xunta indica que a UDC xa trasladou a súa preocupación á Secretaría Xeral de Universidade. Indica que, a pesar de que nalgún caso concreto o problema puido ser solucionado, segue a ser preciso cambiar o sistema. A Xunta aduce como xustificación que os mellores expedientes da UDC non concorren a esta convocatoria, senón que van ao mundo empresarial. Informa de que para a próxima convocatoria vai haber representantes da UDC na comisión. En todo caso, indica que o baremo da media é en relación coas outras dúas universidades do SUG e que, polo xeral, a UDC presenta un baremo máis baixo. Intervén **Guillermo Lorenzo** para denunciar que documentos que entraron por rexistro non aparecen despois no expediente. Finaliza o **reitor** sinalando que o elemento diferencial é que na UDC hai unha media de expediente comparativamente máis baixa.

**Xosé Portela** sinala que hai un traballador que estaba a facer un labor de intermediación. Indica que, despois da reunión da CSS foi cando se detectou que o radon estaba a subir ao segundo andar da Casa do Lagar. Engade que os compañeiros do traballador trasladado descoñecen como está a evolucionar a situación.



O **reitor** contesta que nese mesmo día estaban a se realizar medicións adicionais. E que se só sae información de radon na UDC é porque esta é unha das poucas institucións que está facer medicións, non porque nas demais non haxa radon.

**Xosé Portela** replica que os traballadores están preocupados, con independencia do que digan os medios de comunicación.

Remata o **reitor** insistindo en que onde hai problemas, a UDC actúa. Mesmo pechando as instalacións, como aconteceu coa Casa do Francés. Pide tranquilidade e confianza na actuación rigorosa da UDC.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás 11:15 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

O presidente

Julio Abalde Alonso